



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS
DO CONSELLO SOCIAL DO 25.04.2024**

LUGAR: Sala II do edificio Miralles, campus de Vigo

DATA: 25.04.2024

HORA DE COMEZO: 12:00 h.

HORA DE REMATE: 13:00 h.

LISTA DE ASISTENTES

Blanco Gómez, César

Bravo Bosch, María José

Cendón Alonso, María Teresa

Crespo Tobío, Silvia

López Fernández, Yolanda

Pedrosa Silva, Ernesto (presidente)

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

DESCULPAN ASISTENCIA

Castro Mouzo, Mercedes

NON ASISTEN

Ortiz Álvarez, Ana María



O xoves, día 25 de abril de 2024, ás 12:00 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (22.02.2024).
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, da financiación do estudo sobre Inserción laboral do estudiantado titulado en Grao e Mestrado da Universidade de Vigo, no curso 2021/2022.
4. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a participación de alumnado nun Congreso Internacional sobre "Investigación en cambio climático e espazo", en Enxeñaría Aeroespacial.
5. Acordo que proceda sobre a petición da Asociación de Estudantes de Enxeñaría para desenvolver o programa "UVigo SpaceLab".
6. Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria, para a organización dos "Xogos deportivos universitarios Galaico-Durienses".
7. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada pola Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais, para a celebración da "Noite europea das persoas investigadoras" (G-Night).
8. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a organización do Congreso internacional "Variation and Language Processing 6", na Facultade de Filoloxía e Tradución.
9. Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico para a organización do Congreso "Gibraltar International Conference 2", organizado dende a Facultade de Filoloxía e Tradución.
10. Acordo que proceda sobre a petición da Área de Dereito Penal da Universidade de Vigo, para organizar unha xornada internacional sobre "Relacións entre a ciencia xurídico-penal española con outros países".
11. Acordo que proceda sobre a solicitude dos organizadores do Congreso Atlántico de Marketing Dixital "Flúor" para a interrelación de empresas e estudiantado.
12. Acordo que proceda sobre a petición de colaboración económica para o encontro en Vigo de profesionais da Comunicación en RRSS das universidades españolas.
13. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a participación do equipo de PAS da Universidade de Vigo no Campionato nacional de fútbol-sala.
14. Aprobación, se procede, da delegación no presidente do Consello Social da distribución previa das Bolsas-colaboración para o curso 2024/2025, da que dará conta na primeira reunión posterior que se convoque.
15. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes e anticipa que axilizará a reunión o máximo posible -cunha breve descrición de cada un dos puntos, sobre os que os asistentes poderán facer as consideracións oportunas- para facilitar o cumprimento doutras obrigas que expoñen algúns membros.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (22.02.2024).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

A comisión recibe o resumo actualizado das axudas concedidas ata o momento e que máis adiante se agruparán segundo os destinatarios, sexan profesores, alumnado ou o equipo de goberno da universidades, así como as externas.



PUNTO 3

Aprobación, se procede, da financiación do estudo sobre Inserción laboral do estudiantado titulado en Grao e Mestrado da Universidade de Vigo, no curso 2021/2022.

A Vicerreitoría de Estudiantado e Empregabilidade solicita ao Consello Social a financiación do estudo sobre os titulados en grao e mestrado, por consideralo de especial interese para cumprir os requirimentos para a participación da UVigo nos ránkings universitarios nacionais e internacionais, e posibilitar a mellora dos posicionamentos. A maiores facilitará información actualizada para os informes anuais de Calidade dos centros, para o Portal de Transparencia e para as unidades administrativas e académicas da universidade. O traballo encomendase ao Observatorio de persoas tituladas.

- ***Apróbase unha aportación de 9.490 € + IVE.***

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a participación de alumnado nun Congreso Internacional sobre "Investigación en cambio climático e espazo", en Enxeñaría Aeroespacial.

Co gallo da celebración en Ourense dun congreso científico que organiza EPhysLab, da UVigo, e que reunirá a representantes dos máis significados organismos internacionais na materia, propónse aproveitar a presenza dalgúns dos máis destacados poñentes para unha entrevista e debate aberto á sociedade; e para o encontro de estudantes cos científicos participantes mediante a implicación do alumnado nas tarefas de organización do congreso.

- ***Apróbase unha aportación de 1.500 €.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a petición da Asociación de Estudiantes de Enxeñaría para desenvolver o programa "UVigo SpaceLab".

Unha asociación de 25 estudantes de grao, máster e doutoramento, de todo tipo de titulacións, dende ciencias sociais e económicas ata ciencias puras e aplicadas, traballan en conxunto no deseño, fabricación e operación dunha misión espacial real, para un experimento biolóxico na órbita baixa terrestre dirixido a estudar os efectos en microorganismos vivos a unha exposición prolongada ao ambiente espacial. Lembra o presidente que se lle concedeu unha axuda o ano anterior, polo que procede aplicar neste exercicio unha baixa do 20%.

- ***Concédesse unha axuda de 1.300 €.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria, para a organización dos "Xogos deportivos universitarios Galaico-Durienses".

Ourense acollerá este ano os Xogos que se organizan de xeito rotatorio dende 1993, coa participación de estudantes das universidades de Vigo, A Coruña, Santiago, Porto, Minho, Tras Os Montes e Alto Douro. As competicións son todas de carácter mixto, en fútbol, baloncesto, bádminton e natación. A Vicerreitoría de Extensión Universitaria solicita o apoio do Consello Social para desenvolver a actividade, na que se prevé a participación de 240 alumnos.

- ***Concédesse unha aportación de 1.500 €.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada pola Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais, para a celebración da "Noite europea das persoas investigadoras" (G-Night).

Trátase dun evento de divulgación científica que se celebra de xeito simultáneo en cidades de Europa, e que no caso de Galicia coordina a UVigo. O obxectivo é achegar a ciencia a espazos públicos, a través de charlas, obradoiros, rutas científicas, teatro ou experimentos, xogos e mesmo proxeccións e experiencias interactivas. Exemplos no caso de Vigo: como descontaminar as augas, unha viaxe polo nanomundo, entender o cerebro ou como facer robots. A iniciativa revélase de gran utilidade para a captación de alumnado.

- ***Apróbase unha axuda de 2.000 €.***



En referencia aos puntos 8 e 9, o presidente explica que proveñen do mesmo grupo de investigación, da Facultade de Filoloxía e Tradución, e que aínda que teñen diferente denominación e están dirixidos por distintos profesores, propón que se lles aplique unha redución do 20% respecto á axuda que recibiron en 2023. Engade o secretario que, aínda que as normas limitan a aplicación a unha mesma iniciativa, podería ampliarse por principio cando se trata dun mesmo centro promotor tan concreto, dado que a filosofía da norma é diversificar no posible as axudas, o que comparten os asistentes.

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a organización do Congreso internacional "Variation and Language Processing 6", na Facultade de Filoloxía e Tradución.

O congreso buscará respostas sobre a relación entre a variación lingüística e a cognición social e interrogantes para saber, por exemplo, como se almacena a variación lingüística na nosa mente. Intervirán máis de 30 relatores, e estará aberto ao público en xeral. Ademais de fomentar a transferencia de coñecemento, ten entre os obxectivos: formar ao alumnado de posgrao neste campo, incrementar a internacionalización de investigadores en formación, explorar as complexidades das diferentes linguas e comunidades. Tense en conta o exposto polo presidente.

- ***Apróbase unha aportación de 2.000 €.***

PUNTO 9

Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico para a organización do Congreso "Gibraltar International Conference 2", organizado dende a Facultade de Filoloxía e Tradución.

Trátase dun congreso auspiciado por investigadores da UVigo que profunda na excepcionalidade lingüística de Xibraltar e a súa incidencia no vertixinoso cambios social do país. Os participantes son expertos de recoñecida traxectoria internacional, e a organización subliña o "indubidable" interese que ten para a o público en xeral "polo forte paralelismo entre a realidade xibaltareña e a galega" a nivel lingüístico. Tense en conta o exposto polo presidente na introdución.

- ***Apróbase unha aportación de 1.600 €.***

PUNTO 10

Acordo que proceda sobre a petición da Área de Dereito Penal da Universidade de Vigo, para organizar unha xornada internacional sobre "Relacións entre a ciencia xurídico-penal española con outros países".

Explica Ernesto Pedrosa que a área de Dereito Penal da UVigo organiza unha xornada durante unha mañá para analizar a relación entre a ciencia xurídico-penal en España con outros países europeos e americanos, o que permitirá achegar as novidades e tendencias neste campo. Está dirixida especialmente a profesorado e alumnado de Dereito, Ciencias Xurídicas e do Traballo, ADE e Turismo e Ciencias Económicas e Empresariais. Tamén a profesionais da avogacía. Ademais renderá homenaxe ao catedrático Javier de Vicente Remesal. A proposta do presidente,

- ***Asígnanse 2.000 €.***

PUNTO 11

Acordo que proceda sobre a solicitude dos organizadores do Congreso Atlántico de Marketing Dixital "Flúor" para a interrelación de empresas e estudantado.

Como resumo da proposta, o presidente sinala que afondar na creatividade en estreita conexión co Campus Crea e para a visibilidade ao Campus de Pontevedra, o congreso focalízase como unha plataforma que identifica, e da visibilidade ao talento dixital máis importante de España. O formato baséase en conferencias, obradoiros e mesas temáticas sobre temas específicos. Os organizadores prevén a presenza dunhas 500-700 persoas, entre empresarios, profesionais e estudantes. Aplícase unha redución do 20% respecto da axuda anterior.

- ***Apróbase unha aportación de 1.300 €.***



PUNTO 12

Acordo que proceda sobre a petición de colaboración económica para o encontro en Vigo de profesionais da Comunicación en RRSS das universidades españolas.

Profesionais da comunicación en redes sociais de contas corporativas das universidades españolas reúnen-se en Vigo, convocados pola Vicerreitoría de Comunicación, para afondar e compartir experiencias e avanzar na capacidade de innovación e mellora. Os medios sociais son básicos para a comunicación institucional e canles imprescindibles para unha comunicación aberta e fluída coa mocidade, por ser aí onde se atopa o potencial estudiantado. Falarán de novas narrativas e tendencias, aplicacións e ferramentas, intelixencia artificial e boas prácticas.

- ***Concédesse unha aportación de 1.500 €.***

PUNTO 13

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a participación do equipo de PAS da Universidade de Vigo no Campionato nacional de fútbol-sala.

A Vicerreitoría de Extensión Universitaria promove a participación da UVigo no campionato nacional de fútbol sala do PAS universitario, competición na que participan dez universidades e outras tres están en lista de agarda. Disputase de xeito itinerante (en 2023 organizouse no Campus de Ourense), e a actividade deportiva complementase co intercambio de experiencias e a apertura de canles de colaboración entre institucións.

- ***Achégase unha axuda de 2.000 €.***

PUNTO 14

Aprobación, se procede, da delegación no presidente do Consello Social da distribución previa das Bolsas-colaboración para o curso 2024/2025, da que dará conta na primeira reunión posterior que se convoque.

O presidente xustifica a petición polo imprevisible da data na que se fai a convocatoria dende o Ministerio e polos curtos prazos nos que se desenvolve, co obxectivo de evitar un incumprimento dos prazos dado que serían motivo para a exclusión das axudas á UVigo. O secretario engade que se trata dunha primeira adjudicación das bolsas, e que posteriormente a convocatoria será resolta de xeito definitivo en outubro, cando se ponderen os méritos dos departamentos e dos candidatos.

- ***Apróbase a delegación.***

PUNTO 15

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:00 horas do 25 de abril, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado dixitalmente)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)